RESOLUCIÓN DE INICIO DO PROCESO DE SELECCIÓN DE 18 PERSOAS ADXUDICATARIAS PARA AS VIVENDAS DA PROMOCIÓN PÚBLICA DO EXPEDIENTE PO2022040 EN NAVIA (PARCELA M IVA 9), NO CONCELLO DE VIGO (PONTEVEDRA)

De acordo co que se establece no artigo 22 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas, a Comisión Provincial de Vivenda de Pontevedra, en sesión do 17 de novembro de 2026.

ACORDA

Iniciar o proceso de selección de persoas adxudicatarias para 18 vivendas de promoción pública, que se desenvolverá de conformidade cos seguintes criterios:

PRIMEIRO Características das vivendas

- Número de vivendas: 18
- Localización das vivendas: Parcela M IVA 9 do Plan parcial de San Paio de Navia no concello de Vigo (Pontevedra).
- Tipoloxía das vivendas:

Nº VIVENDAS	Nº DORMITORIOS	
3	2	
6	3	1 adaptada para mobilidade reducida
9	4	

Cada vivenda leva vinculada unha praza de garaxe e un rocho.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: quk7UgUP7Q7 https://sede.xunta.gal/cve

Composición da unidade familiar ou convivencial para cada tipoloxía de vivenda:

TIPOLOXÍA DAS VIVENDAS	Nº DE MEMBROS
2 dormitorios	1 e 2 membros
3 dormitorios	3 e 4 membros
4 dormitorios	5 ou máis membros
Reserva: Vivendas adaptadas para mobilidade reducida	Sen límite de membros

A composición das unidades familiares ou convivenciais que se terá en conta para a súa asignación a un ou outro tipo no sorteo será a que conste no rexistro de demandantes á data desta resolución de inicio, sen que poidan terse en consideración as modificacións producidas ou notificadas con posterioridade a esta data.

SEGUNDO Cualificación das vivendas

As vivendas foron cualificadas provisionalmente como vivendas de promoción pública por resolución do director territorial do Instituto Galego da Vivenda e Solo de Pontevedra con data 08 de maio de 2026.

TERCEIRO Réxime de adxudicación das vivendas

Ao abeiro do disposto no artigo 19.1º do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, en relación cos artigos 7, 9.2º, 13 e 22.2º c) do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, e na Instrución 3/2023, do 8 de novembro, do director Xeral do IGVS, o réxime de adxudicación das vivendas de protección oficial de promoción pública será en arrendamento.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: quk7UgUP7Q7 https://sede.xunta.gal/cve

CUARTO Requisitos das persoas beneficiarias

1. Conforme o disposto no artigo 63 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia e no Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo; poderán acceder a unha vivenda protexida as persoas residentes en Galicia, así como as persoas emigrantes retornadas, que reúnan, na data desta resolución de inicio, os seguintes requisitos:

a) Estar inscritas ou anotadas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda na Sección 1ª (demandantes de vivendas de protección oficial de promoción pública) para o concello de Vigo como concello preferente, na quenda xeral e/ou, no seu caso, na quenda de mobilidade reducida.

b) Acreditar ingresos ponderados por unidade familiar ou convivencial, no último exercicio fiscal vencido, entre 0,7 e 4 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) ou 4,5 veces, no caso de familias numerosas, ao abeiro do disposto no artigo 63.1 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, e no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 4 de maio de 2026.

c) Residir ou traballar no concello de Vigo, agás no caso de emigrantes que desexen retornar e que acrediten residir fóra de Galicia por un tempo non inferior a cinco anos.

d) Carecer, calquera membro da unidade familiar ou convivencial, de vivenda en calidade de propietario, agás que se dea algunha das seguintes circunstancias:

• Acreditar que a vivenda de que se dispón é inhabitable, insuficiente ou inadecuada nos termos especificados na Resolución do 14 de setembro de 2012 do IGVS. Neste suposto, quedarán obrigados a ofertarlle ao IGVS a dita vivenda para efectos do disposto no artigo 10.V do Decreto 253/2007, do 13 de decembro.

• Habitar unha vivenda suxeita a expediente de expropiación ou desafiuzamento xudicial ou administrativo non imputable ao interesado, ou ben ocupar aloxamentos

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: quk7UgUP7Q7 https://sede.xunta.gal/cve

provisionais como consecuencia de situacións de emerxencia ou remodelación que impliquen a perda da vivenda.

e) Non atoparse en ningunha destas circunstancias, referidas a calquera membro da unidade familiar ou convivencial:

• Que xa fosen titulares de vivendas de protección oficial de promoción pública e que a perdesen como consecuencia dun procedemento de desafiuzamento, resolución de contrato tramitado polo IGVS ou que a alleasen por calquera causa, coa excepción de cambio de residencia por motivos laborais, ou outros xustificados ao xuízo da Comisión Provincial.

• Que sexan titulares de bens inmobles de natureza rústica ou urbana suxeitos ao imposto sobre bens inmobles que teñan un valor catastral superior a 30.000 euros.

f) Para a quenda de menores de 36 anos, constituír unha familia ou unidade convivencial cuxa persoa titular teña menos de 36 anos.

g) Para a quenda de mobilidade reducida, que algún dos integrantes da unidade familiar ou convivencial teña un grao de minusvalía recoñecida igual ou superior ao 33% e acredite a condición de persoa con mobilidade reducida permanente nos termos previstos no artigo 34 do Decreto253/2007.

Considérase que teñen esta condición aquelas que teñan unha mobilidade reducida por causa física que lles exixa para o seu desprazamento a utilización de medios mecánicos e teña recoñecida esta situación no correspondente certificado do grao de discapacidade emitido polo organismo autonómico competente en materia de valoración e cualificación de discapacidades.

2. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, será requisito para a adxudicación da vivenda manter a vixencia da inscrición no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda ao longo de todo o proceso de selección, de xeito que a falta de renovación da inscrición, de resultar obrigado/a a iso nos termos do artigo 15 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, en calquera momento anterior ao acordo da

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: quk7UgUP7Q7 https://sede.xunta.gal/cve

Comisión que aprobe a súa inclusión na lista definitiva de persoas adxudicatarias, determinará a perda do dereito ao acceso á vivenda.

QUINTO Condicións xerais

1. O contrato de arrendamento terá unha vixencia de sete anos (7), que se contarán dende a sinatura do contrato, sen prexuízo da súa prórroga de conformidade co establecido na Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, na súa redacción vixente en cada momento. Unha vez transcorridos os prazos de prórroga fixados na devandita lei o contrato poderá seguir prorrogándose por prazos anuais.

Estará prohibida en todo caso a cesión ou subarrendamento, total ou parcial. A contravención desta prohibición dará lugar á resolución do contrato de arrendamento, con independencia das sancións ás que houbese lugar.

2. A renda inicial anual será a que resulte de aplicarlle o 2% ao que sería o prezo de venda da vivenda e anexos, no seu caso**,** determinado de acordo co establecido no artigo 66 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia e na resolución do 6 de maio de 2026 pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 4 de maio de 2026, polo que se determinan os ingresos para acceder ás vivendas protexidas e se fixan os seus prezos máximos de venda e renda.

3. A eficacia da adxudicación estará condicionada á sinatura do correspondente contrato de arrendamento, previo o pagamento por parte da persoa adxudicataria da fianza correspondente.

SEXTO Procedemento de selección

1. O procedemento de selección tramitarase consonte ao establecido nos artigos 22 a 28 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: quk7UgUP7Q7 https://sede.xunta.gal/cve

De acordo co citado Decreto, a selección das persoas adxudicatarias efectuarase mediante SORTEO entre as persoas inscritas ou anotadas na data desta resolución de inicio no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia na Sección 1ª para o concello de Vigo como concello preferente, nas quendas xerais e/ou de mobilidade reducida.

2. Reservas de vivendas

De conformidade co establecido no artigo 74 da Lei 8/2012, do 29 de xuño de vivenda de Galicia, artigo 34 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo IGVS, e no art. 22.2.e) do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, neste procedemento de adxudicación establécense as seguintes reservas:

a) Reserva de 1 vivenda adaptada para persoas con mobilidade reducida de carácter permanente.

Consonte o disposto no artigo 23.3 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, realizarase un sorteo diferenciado para aquelas persoas que declaren reunir os requisitos establecidos na normativa reguladora deste colectivo específico.

b) Reserva dun 40% das vivendas para familias ou unidades convivenciais cuxa persoa titular teña menos de 36 anos.

3. Constitución de lotes e distribución das vivendas

De conformidade co previsto no artigo 22.2º h) do precitado Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, do Rexistro de demandantes, na quenda xeral, establécense lotes segundo o número de dormitorios das vivendas, realizándose un sorteo diferenciado para cada un deles, comezando, en todo caso, pola reserva de mobilidade reducida e seguidamente polos cupos de menores de 36 anos, atendendo a seguinte orde:

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: quk7UgUP7Q7 https://sede.xunta.gal/cve

Reserva de mobilidade reducida: Vivendas adaptadas a persoas con mobilidade reducida.

	Cupo sen límite de idade
Adxudicatarios	1
Reservas	20

Primeiro lote: Vivendas de 2 dormitorios para unidades familiares/convivenciais de 1 e 2 membros

	Cupo menores de 36 anos	Cupo sen límite de idade
Adxudicatarios	1	2
Reservas	10	20

Segundo lote: Vivendas de 3 dormitorios para unidades familiares/convivenciais de 3 ou 4 membros.

	Cupo menores de 36 anos	Cupo sen límite de idade
Adxudicatarios	2	3
Reservas	20	20

Terceiro lote: Vivendas de 4 dormitorios para unidades familiares/convivenciais de 5 ou máis membros.

	Cupo menores de 36 anos	Cupo sen límite de idade
Adxudicatarios	4	5
Reservas	20	25

4. Lista provisional e comprobación de requisitos

Unha vez realizado o sorteo, publicarase a lista provisional de persoas adxudicatarias e de espera, conforme ao establecido no artigo 24 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro. A orde de confección da referida lista virá determinada pola orde de selección que se derive do sorteo.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: quk7UgUP7Q7 https://sede.xunta.gal/cve

A Comisión Provincial de Vivenda procederá á comprobación do cumprimento dos requisitos esixidos para o acceso ás vivendas por parte das persoas incluídas na lista provisional, de conformidade co disposto no artigo 25 do citado decreto.

5. Lista definitiva

Unha vez realizadas comprobacións e, de ser o caso, resoltas as reclamacións presentadas, a Comisión Provincial de Vivenda aprobará a lista definitiva de persoas adxudicatarias e de espera, conforme ao establecido no artigo 26 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro.

No caso de que algunha persoa das integrantes dos cupos de menores de 36 anos tamén resultase adxudicataria no cupo sen límite de idade, o seu posto neste último cupo será ocupado na lista definitiva pola persoa que corresponda da lista de reserva.

A lista definitiva determinará a orde de adxudicación, sen prexuízo das renuncias, exclusións ou demais incidencias que poidan producirse posteriormente.

6. Cobertura de vacantes e esgotamento das listas

As vivendas asignadas na reserva de mobilidade reducida que queden sen adxudicar por inexistencia de solicitudes non pasarán a formar parte do número de vivendas adxudicables na cota xeral.

As vivendas reservadas ao cupo de menores de 36 anos que, por calquera circunstancia, non poidan ser adxudicadas ás persoas integrantes da lista definitiva correspondente a este cupo, por inexistencia de persoas candidatas ou por esgotamento da lista de reserva, adxudicaranse ás persoas integrantes da lista de reserva do cupo xeral correspondente ao mesmo lote.

Esta mesma regra aplicarase en sentido inverso, de xeito que as vivendas correspondentes ao cupo xeral que non poidan ser adxudicadas ás persoas integrantes da súa lista de reserva poderán ofrecerse ás persoas integrantes da lista de reserva do cupo de menores de 36 anos do mesmo lote.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: quk7UgUP7Q7 https://sede.xunta.gal/cve

No caso de que resulte vacante algunha vivenda por esgotamento da lista de reserva dalgún dos cupos, e non poida cubrirse de acordo co establecido no parágrafo anterior; esta será adxudicada á persoa integrante da lista de reserva do seguinte lote que conteña un menor número de membros atendendo ao cupo, xeral ou de menores de 36 anos ao que pertenza a vivenda vacante. No caso de que esta lista tamén se atopase esgotada, acudirase sucesivamente ás listas de reserva dos seguintes lotes.

De non resultar posible a adxudicación por esgotamento das listas de reserva, procederase, de acordo co disposto no artigo 27.2 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, á celebración dun novo sorteo, no que participarían todas aquelas persoas que, tendo participado no sorteo inicial, non obtivesen a condición de adxudicatarias ou de integrantes das listas de reserva.

7. A inclusión dunha persoa na lista definitiva de persoas adxudicatarias dunha promoción de vivendas de promoción pública determinará a súa exclusión dos demais procedementos de adxudicación do mesmo réxime que se atopen en tramitación, nos que participe ou figure incluída en calquera das súas listas. En todo caso, unha mesma persoa non poderá resultar adxudicataria de máis dunha vivenda de promoción pública.

SÉTIMO Tramitación de urxencia

De conformidade co disposto no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, acórdase a tramitación de urxencia do presente procedemento.

Esta tramitación xustifícase na necesidade de reducir os prazos de adxudicación das vivendas, co fin de garantir a súa ocupación efectiva no menor tempo posible, evitando a súa desocupación prolongada e favorecendo así a función social da vivenda e o acceso a ela por parte das persoas demandantes inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: quk7UgUP7Q7 https://sede.xunta.gal/cve

En consecuencia, reduciranse á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, agás os relativos á presentación de solicitudes e recursos, que se rexerán pola normativa xeral aplicable.

OITAVO Publicidade, reclamacións e recursos

1. A resolución de inicio do procedemento de adxudicación publicarase no DOG e nela indicarase o medio onde se efectuarán as sucesivas publicacións, entendendo por estas publicacións as das listas provisionais e definitivas de persoas adxudicatarias e de reserva. A publicación das listas provisionais e definitivas de persoas adxudicatarias e de reserva realizarase nos taboleiros de anuncios do concello, no da Área Provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo e na páxina web do organismo. A publicación substituirá as notificacións persoais de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

2. Tras a publicación da lista provisional resultante do sorteo, as persoas que se consideren prexudicados no seu dereito disporán dun prazo de dez días desde a publicación, para presentar reclamacións ante a Comisión Provincial de Vivenda, que deberá adoptar a resolución que proceda no prazo máximo de tres meses.

NOVENO Data do sorteo

O sorteo será público, e celebrarase ante notario ás **10:30** horas do día **18 de decembro** de **2026** no salón de actos do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo, situado na rúa Concepción Arenal, 8, planta baixa en Vigo.

Pontevedra, 17 de novembro de 2026

O presidente da Comisión Provincial de Vivenda

José Manuel González González

(Documento con sinatura electrónica)

Asinado por: JOSE MANUEL GONZALEZ GONZALEZ
Cargo: Director Territorial
Data e hora: 17/11/2026 12:37:05

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: quk7UgUP7Q7 https://sede.xunta.gal/cve